

A continuación infórmase dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o 7 de febreiro de 2017 na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 16 de decembro e extraordinarias do 23 de decembro de 2016 e 20 de xaneiro de 2017.
- * Aprobación da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2017/18 e os criterios de puntuación.
- * Aprobación do calendario e procedemento para a aprobación de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2018/19.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do teito máximo de horas destinadas a actividades docentes complementarias para o curso 2017/18.
- * Aprobación dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2017/18.
- * Foron nomeados representantes na Comisión de Mobilidade Internacional da UVigo:
 - Maribel del Pozo Triviño
 - Higinio González Jorge
- * Aprobación dos prezos mensuais nos complexos residenciais O Castro (Vigo) e As Burgas (Ourense) e no complexo residencial concertado Alcai (Allariz) para o curso 2017/18.
- * Aprobación da declaración de apoio institucional á participación do estudantado no Consello Galego de Universidades.
- * Desestimación do recurso de reposición de D. Luis Miguel Muleiro Parada contra a aprobación da oferta de emprego público do PDI, e solicitando novos criterios de selección das áreas de coñecemento, aplicación da antigüidade, e elaboración dunha normativa.
- * Desestimación, do recurso de reposición de D. Jaime Aneiros Pereira sobre a inclusión dos criterios de antigüidade na oferta de emprego público do PDI, corrección de defectos de legalidade e desenvolvemento dunha normativa.
- * Estimación do recurso de reposición de D. Javier de Agustín Guijarro contra o acordo da COAP de 19/10/16, polo que se acorda desestimar a solicitude de cambio de área de Tradución e Interpretación á área de Filoloxía Francesa.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre as universidades de Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela, Aveiro, Minho, Trás-os-Montes e Alto Douro, Porto e Coimbra e os institutos politécnicos de Leiria, Viana do Castelo e Porto para o desenvolvemento do Campus do Mar – Convenio – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional Jorge Basadre Grohmann, Tacna, Perú* – Convenio marco de colaboración entre o *Instituto Politécnico Nacional de los Estados Unidos Mexicanos* e a Universidade de Vigo a través del Campus de Excelencia Internacional "Campus do Mar" – Convenio específico de colaboración para o intercambio de estudantes de posgrao entre o *Instituto Politécnico Nacional de los Estados Unidos Mexicanos* e a Universidade de Vigo a través del Campus de Excelencia Internacional "Campus do Mar".
- * Foron elixidos representantes do sector PDI na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos:
 - Santiago Gómez Fraiz
 - Susana Reboreda Morillo

Vigo, 7 de febreiro de 2017
A secretaría xeral



Gloria M. Pena Uris